

Concurso de Fotografía #carbono_eoivga

Desde o Equipo de Dinamización Lingüística da EOI de Vilagarcía de Arousa, animámos a todo o noso alumnado a participar neste concurso de fotografía arredor da temática: castañas, árbores, outono..., como sintetiza o hashtag #carbono_eoivga. Animádevos a captar e compartir connosco imaxes e momentos fermosos do outono.

Como Participar

O concurso é aberto a todo o alumnado do centro matriculado no curso 2017-2018, sempre que se respeten as bases seguintes:

Publicación das fotos

As fotos (ata **tres** fotos por participante) terán que ser publicadas en Instagram ou Twitter co hashtag #carbono_eoivga. Quen non dispoña dunha conta nestas redes sociais, envíenos un correo ao enderezo **endl.eoi.vga@gmail.com**, coa(s) fotografía(s) en anexo. Publicarémolas, entón, no Instagram do EDLG da Escola.

Características das fotos

As fotografías irán acompañadas por un **título en galego e na lingua** que se está a estudar no centro. Quen queira, poderá tamén engadir un comentario, redactado nas dúas linguas. Será preciso indicar o nome do autor ou autora, e o curso a que está asistindo. Quen prefira quedar no anonimato, poderá mandarnos os seus datos ao correo: **endl.eoi.vga@gmail.com**, indicando o título da(s) foto(s) publicada(s) a que se refire.

Prazos

As fotos con título (e eventuais comentarios) deberanse publicar ou enviar entre o **1 e o 30 de novembro** de 2017.

Votación

Do 1 ao 5 de decembro, un xurado composto polos xefes de departamento e polos membros do EDLG escollerá a foto gañadora. O resultado será publicado en Instagram, Twitter, e na páxina web da Escola.

Premio

A coordinadora do EDLG poñeráse en contacto co(a) gañador(a) do concurso para lle facer entrega dun lote de produtos elaborados a base de castañas.

Exposición

Ao rematar o concurso, farase unha exposición no hall do centro coas fotos que o xurado considere as mellores. Durante a inauguración da exposición, o centro poderá tomar imaxes para a súa posterior publicación na web do centro e/ou difusión en redes sociais.